

Parlamento de Galicia

Caderno de traballo
para o alumnado



PARLAMENTO
DE GALICIA



Presentación

O Parlamento de Galicia ademais de ser o lugar onde se elaboran e aproban as leis que debemos cumprir para garantir unha boa convivencia, é tamén o máximo órgano de representación do pobo galego.

Coñecer e entender o seu funcionamento e as funcións que desempeña é esencial para comprender o sistema democrático do que gozamos e tomar conciencia do noso papel como cidadáns e cidadás: as funcións, labores, deberes, e tamén os dereitos que temos.

A partir do coñecemento do Parlamento de Galicia, queremos que entendades a organización política da nosa Comunidade Autónoma, do Estado e da Unión Europea, así como os valores democráticos básicos que garanten unha sociedade máis xusta e unha convivencia máis doada e feliz. Para iso é imprescindible coñecer a historia política e económica da nosa contorna, a xeografía e as manifestacións culturais que foron conformando o que hoxe somos.

O obxectivo desta guía do Parlamento de Galicia é acadar coñecementos sobre a institución, a nosa Comunidade Autónoma e a sociedade en xeral, potenciando a curiosidade e o traballo en equipo, obxectivos básicos do itinerario formativo do noso sistema educativo. Para logralo trataremos de conxugar o labor individual co traballo conxunto para sermos capaces de trasladar á aula os conceptos que nos imos atopar (a tolerancia, o respecto, a responsabilidade, o diálogo, o consenso...) e observar como cambian os resultados dun traballo en función da intervención colectiva, como acontece na propia vida.




Modo de traballo

Este caderno de traballo divídese en oito temas. Cada un deles conta cunha parte informativa a xeito de introdución (Información) e outra práctica destinada a desenvolver os diversos traballos propostos sobre a cuestión (Actividades).

No apartado de "Actividades" inclúense diversas actividades a desenvolver tanto de xeito individual como en grupo, en distintos espazos (escola, casa, Parlamento...). Trátase de propostas que cada profesor/a ou orientador/a avaliará a conveniencia ou non de desenvolver en función do perfil do alumnado que vai traballar a guía.

Finalmente inclúese un apartado de "Apéndices" con documentos que complementan algunhas das actividades propostas e outro apartado de "Conclusións" destinado á reflexión de cada estudante sobre o aprendido ao longo deste caderno de traballo.



Material Bibliografía

O material básico para desenvolver esta guía é este Caderno de traballo para o alumnado, onde atoparás a información esencial para comezar a investigar en cada un dos temas, así como as actividades propostas que o teu profesor ou profesora marcará como máis convenientes.

Existe multitude de material dispoñible para traballar os distintos temas e propostas desta guía, tanto en formato impreso (bibliotecas) como audiovisual, dixital etc. ao que deberás recorrer para completar os diferentes exercicios. Mais pola especificidade desta guía imos destacar os que atinxen ao Parlamento de Galicia:

Publicacións:

- Libro, ou mellor, libríño divertido para saber máis do Parlamento galego do que se sabía antes de lelo
- Ícía quere cambiar o mundo
- Os símbolos de Galicia
- Aqueles primeiros anos
- 51 páxinas das nosas letras
- Trinta anos do Parlamento de Galicia 1981-2011
- Galicia. Estatutos de Autonomía. 1936 e 1981
- Normas institucionais de Galicia

*Todas estas publicacións pódense consultar na web do Parlamento de Galicia:
<https://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/libroselectronicos>

saída ao Parlamento

O traballo desta guía complementase cunha visita ao Parlamento de Galicia na que o alumnado deberá ter en conta varias cuestións para poder desenvolver os exercicios propostos en relación á mesma.

- 1** Segue atentamente (e anota se é preciso) a viaxe desde a túa escola ata o Parlamento de Galicia: de onde saes, a onde chegas, por onde pasas...
- 2** Durante o percorrido polo Pazo do Hórreo **fai esquemas das distintas plantas** e toma notas para situar correctamente as estancias máis destacadas do edificio.
- 3** Fíxate nas distintas estancias do Pazo do Hórreo e atende as explicacións.
- 4** Fíxate e toma nota das obras de arte que máis che gusten ou chamen a túa atención e atende as explicacións durante a visita.
- 5** Visita o xardín do Parlamento e fíxate nas especies vexetais que contén.

TEMAS

1. O PARLAMENTO DE GALICIA NO ESTADO DAS AUTONOMÍAS
2. O PARLAMENTO DE GALICIA E OS VALORES DA DEMOCRACIA
3. O PARLAMENTO DE GALICIA: A SEDE
4. HISTORIA DO PARLAMENTO DE GALICIA
5. ORGANIZACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA
5. FUNCÍONS DO PARLAMENTO DE GALICIA
7. PARTICIPACIÓN CIDADÁ NO PARLAMENTO DE GALICIA
8. UNHA INSTITUCIÓN COMPROMETIDA COA CULTURA

APÉNDICES

1. Mapa de Galicia
2. Rueiro de Santiago de Compostela
3. Mapa Autonómico de España
4. Hemiciclo Parlamento de Galicia

CONCLUSIÓN

- Información
- Actividades

etc.

- Investigar
- Exposicións colectivas
- Debates
- Itinerario de afondamento
- Saídas ao Parlamento


PARLAMENTO

1.

O Parlamento de Galicia no estado das autonomías

O Parlamento de Galicia é o máximo órgano de representación do pobo galego. É a primeira das institucións da Comunidade Autónoma, da que derivan todas as outras, e é inviolable. Comezou a funcionar tras as primeiras eleccións autonómicas celebradas no ano 1981, despois de que a Constitución Española de 1978 recoñecese os dereitos de Galicia como nacionalidade histórica e o pobo galego aprobara o seu Estatuto de Autonomía.

O Estatuto de Autonomía é a norma básica de funcionamento da Comunidade Autónoma, que define as súas institucións competencias, etc. O actual Estatuto de Autonomía de Galicia foi aprobado nun referendo celebrado o 21 de decembro de 1980 e entrou en vigor o 18 de maio de 1981, aínda que xa en 1936 se plebiscitara/votara un Proxecto de Estatuto de Autonomía que non chegou a entrar en vigor polo inicio da Guerra Civil. No seu contido recóllense, entre outras cousas, a definición do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (art. 2), os poderes da Comunidade Autónoma que se exercen a través do Parlamento, a Xunta e o seu presidente (art. 9); as bases da división e organización administrativa (art. 40), os símbolos propios de Galicia: bandeira, escudo e himno (art. 6) ou o recoñecemento do galego como lingua propia de Galicia e a cooficialidade co castelán (art. 5).



6 de abril de 1981

Actividades

Investiga

Pregunta, busca en libros, internet... para obter información sobre a constitución do Estado das Autonomías e explica:

- Cando xorde o Estado das Autonomías, a actual organización territorial de España e que papel xogan a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía de Galicia neste modelo?
- De onde vén o nome de Galicia e que outras grandes pegadas deixou o pobo que nos deu o nome?
- Explica a grandes liñas que son e para que serven estouttras institucións de Galicia:
 - ✓ Xunta de Galicia
 - ✓ Tribunal Superior de Xustiza
 - ✓ Consello de Contas
 - ✓ Valedor do Pobo
 - ✓ Consello Consultivo de Galicia
 - ✓ Consello da Cultura Galega
- Símbolos de Galicia: características e historia

Exposición colectiva

Coa información recompilada, prepara unha breve exposición pública sobre o que implica vivir no actual modelo territorial en contraposición a outros sistemas e o papel do Parlamento neste modelo.

Debate

Tras a exposición individual, abrírase un debate na clase dirixido polo profesor ou profesora, co fin de obter un primeiro achegamento á organización territorial de España, de onde provén e que significa para a cidadanía, así como o papel do Parlamento neste sistema, introducindo o seu papel de institución esencial nunha democracia.

Itinerario de afondamento

O profesor/profesora establecerá un traballo final (individual ou por grupos) que pode xirar arredor dos seguintes temas:

- Xeografía e historia de Galicia
- Xeografía e historia de España
- Unión Europea: que é, cales son os seus obxectivos políticos e económicos, símbolos, países membros, principais institucións e órganos de goberno
- Estado das Autonomías: que é, características, institucións...
- O Estatuto de Autonomía de Galicia: historia, contidos...
- Símbolos de Galicia (pódese traballar cada símbolo de xeito individual atendendo a importancia e ás aprendizaxes que se poden desenvolver en cada un deles)

**Para alumnos de música, sería de especial interese traballar o Himno galego desde a perspectiva musical: interpretación con diferentes instrumentos...*

Cada estudante ou grupo elixirá a técnica e as tecnoloxías a empregar neste traballo así como a organización do mesmo, que deberán abranguer as competencias e estándares de aprendizaxe sinalados nos respectivos currículos dos cursos.

Exemplo: realizar diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas, localizar en mapas, ordenar temporalmente feitos históricos, debuxar, identificar trazos da organización socio-política e económica etc.

2.

O Parlamento de Galicia e os valores da democracia

Vivir nunha democracia implica a participación da cidadanía nos procesos de elección dos gobernantes pero tamén o respecto aos dereitos humanos; todos e todas están suxeitos ás mesmas obrigas con independencia da súa posición social ou riqueza. Entre os dereitos dos países democráticos destacan a liberdade de movementos, de expresión, de prensa, de asociación, o respecto ás minorías, a non discriminación por razón de raza, sexo, orientación sexual, ou relixión, a existencia de partidos políticos, o dereito de propiedade...

Existe unha norma fundamental, a Constitución de 1978, onde se reflicten estes dereitos que tamén se recollen no Estatuto de Autonomía de Galicia.

O Parlamento de Galicia, como institución representativa do pobo galego é depositario e garante dos valores democráticos sobre os que se asenta a nosa sociedade, valores tan importantes como son o respecto á dignidade humana, á diversidade, á liberdade, á igualdade ou á propia democracia, entre outros. Valores que están no centro da construción europea e que procuran, sobre todo, fomentar o respecto e a inclusión.

Actividades

Investiga

Pregunta, busca en libros, internet... para saber que é unha democracia e os valores propios nos que se asenta e contesta ás seguintes cuestións:

- ✓ Que é unha democracia e en que se diferencia dunha ditadura?
- ✓ Que valores destacarías como propios da democracia que non existen noutros sistemas políticos?
- ✓ Que é a Declaración Universal dos Dereitos Humanos?

Traballa en grupo

Expor publicamente na aula que é a democracia e os valores nos que se sustenta un sistema democrático como o noso. Establecido iso, traballar en grupos arredor dos seguintes temas:

✚ **Liberdade:** que é, como se practica, situacións/contextos nos que non existe...

✚ **Igualdade entre homes e mulleres:** situación histórica e actual, situación no mundo...

✚ **Tolerancia:** que é, como podemos practicala como cidadás, repercusións na sociedade...

✚ **Respecto e non discriminación:** por razón de raza, relixión, orientación sexual ou identidade de xénero...

✚ **Xustiza e solidariedade**

✚ **Pertenza social:** que significa pertencer a unha sociedade, implicacións persoais do sentimento de pertenza.

✚ **Institucións que garanten os valores democráticos:** o parlamento...

✚ **Calquera outro de interese**

Exposición e Debate

Cada grupo explicará o tema que abordou e as conclusións obtidas, co fin de afondar no concepto democracia e especialmente nos valores democráticos europeos, así como no papel dos parlamentos (especialmente o Parlamento de Galicia) nas democracias.

Itinerario de afondamento

O profesor/profesora establecerá un traballo final (individual ou por grupos) para afondar sobre os valores democráticos europeos. Cada persoa ou grupo elixirá unha temática a desenvolver e a metodoloxía de traballo, e exporá as conclusións finais na clase.

Posibles temas a desenvolver:

- Recoñecer os valores propios da Unión Europea e relacionalos cos dereitos fundamentais dos individuos.
- Identificar contextos sociopolíticos e culturais respectuosos co pluralismo e a diversidade a través de textos de actualidade.
- Valorar con perspectiva de xénero a diversidade e a igualdade en todas as súas manifestacións como elemento clave e enriquecedor das sociedades inclusivas.
- Xustificar a igualdade entre homes e mulleres como un valor necesario das sociedades plurais.
- Recoñecer situacións de discriminación por razón de xénero, orientación sexual ou identidade de xénero en contextos cotiáns.
- Identificar distintas representacións culturais asociadas a comportamentos da vida cotiá como celebracións, alimentación, ritos sociais, etc.
- Apreciar e defender mediante exposicións orais a riqueza das manifestacións culturais na pluralidade da sociedade.
- Identificar fenómenos de conflito no mundo actual a través de casos reais e analizar as súas causas.
- Establecer unha situación de conflito na nosa sociedade e un posible tratamento para a súa resolución pacífica.
- Identificar algún tipo de problema de violencia ao noso arredor e buscar solucións.
- Establecer un exemplo de actuación responsable nun problema individual ou social.
- Achegar solucións a situacións reais de conflito baseadas no respecto á diversidade e á mellora da sociedade a través do diálogo.

Pazo de Xelmírez



Pazo de Fonseca



Pazo do Hórreo



3. O Parlamento de Galicia: A Sede

O Parlamento de Galicia está radicado no Pazo do Hórreo, en Santiago de Compostela, desde o ano 1989, logo de ocupar previamente dúas sedes provisionais (primeiro no **Pazo de Xelmírez**, cedido temporalmente polo Arcebispado de Santiago e despois no **Pazo de Fonseca**, cedido pola Universidade de Santiago de Compostela).

O edificio actual foi deseñado e construído para ser **Escola de Veterinaria**, que só funcionou como tal entre 1915 e 1924. No ano 1925 formalízase definitivamente a cesión de todo o edificio ao Exército, aínda que parte das instalacións xa era compartidas desde 1918, por mor da epidemia de gripe desatada entre a tropa acuartelada na cidade de Santiago de Compostela. No ano 1986, a Xunta de Galicia mercou o edificio ao Ministerio de Defensa para convertelo en sede oficial do Parlamento de Galicia.

A estadía do estamento castrense implicou grandes modificacións interiores no edificio, polo que a transformación do Cuartel do

Hórreo no Pazo do Hórreo precisou de numerosas reformas. No ano 1987 a Mesa do Parlamento de Galicia convocou un concurso para seleccionar o proxecto de rehabilitación e adaptación do edificio ás específicas funcións do Parlamento. O gañador foi o equipo encabezado polo arquitecto Manuel Andrés Reboredo Santos, que presentou o anteproxecto baixo o lema "Mogor".

O Pazo do Hórreo conta con todas as dotacións necesarias para que os deputados e deputadas poidan desenvolver o seu traballo: salón de plenos, salas de comisións, de prensa e outras dependencias de uso polivalente, tanto para as reunións de carácter interno como para a actividade pública e encontros con colectivos. Un completo equipamento tecnolóxico permite ofrecer en directo, a través da web, as sesións do Pleno e das comisións.

De estrutura neoclásica e decoración ecléctica historicista, o edificio ten unha planta rectangular de 58x108 metros. Como elemento máis salientable tras a reforma á

que foi sometido, destaca a construción do Hemiciclo, situado no centro do patio do edificio e sustentado sobre piares metálicos con muros de formigón branco. O edificio organízase arredor do patio interior, dividido polo Hemiciclo en dous espazos simétricos, e consta de planta de soto, planta baixa, entreplanta e piso alto. En datas posteriores á rehabilitación do complexo, foron escavados os dous patios interiores, nos que se habilitou o espazo necesario para acoller os despachos de traballo das deputadas e deputados.

Rodea o recinto unha verxa singular en forma de lanza e de aspecto oxidado (aceiro corten) que lle confire unha imaxe característica. Entre o peche perimetral e o edificio existe un xardín botánico, no que destaca a maxestosidade de diferentes especies arbóreas, algunhas moi antigas, plantadas probablemente cando se construíu o edificio, hai un século. Comparten espazo con esculturas de artistas galegos contemporáneos.

Actividades

Investiga

Pregunta, busca en libros, internet... e contesta as seguintes cuestións:

- Que momento histórico-político vive Galicia cando se constrúe o edificio que alberga o Parlamento de Galicia?
- Na construción do edificio tivo un papel esencial Montero Ríos. Sabes quen foi?
- Cales son os principais cambios socio-políticos na nosa comunidade cando se inaugura o Pazo do Hórreo como sede do Parlamento de Galicia?
- Debuxa o mapa de Galicia coas súas provincias e sitúa a capital da Comunidade Autónoma onde está a sede do Parlamento.
- Accede á visita virtual da páxina web do Parlamento de Galicia e explica como está configurado o edificio e cales son as principais estancias.
- Quen foi o arquitecto autor do edificio que alberga o Parlamento e en que obra francesa se inspirou?
- O Pazo do Hórreo ten unha estrutura neoclásica e decoración ecléctica historicista. Investiga sobre a arquitectura neoclásica e busca na sede do Parlamento de Galicia algún sinal que o identifique.

Exposición e Debate

Traballa por grupos a historia das tres sedes que albergaron o Parlamento de Galicia: que outras institucións acolleron, características arquitectónicas, a que se dedican... Cada grupo explicará na aula o seu traballo.

Saída ao Parlamento

- Vai ao Apéndice e debuxa nos mapas 1 e 2 o percorrido que fixeches para chegar ao Parlamento de Galicia; marca os principais puntos/localidades de interese que atopaches polo camiño.
- Localiza na web do Parlamento fotografías das distintas estancias do Pazo do Hórreo. Imprime as que consideres máis relevantes e pégaas nun folio explicando cunha breve descrición por que as elixiches.
- Localiza no xardín do Parlamento catro especies vexetais. Despois busca fotos na Internet desas especies e pégaas nun folio xunto cos seus nomes comúns e científicos, e unha breve descrición das súas principais características.

Itinerario de afondamento

Debuxa planos dos distintos andares do Pazo do Hórreo e sitúa as principais dependencias do mesmo.



4. Historia do Parlamento de Galicia

Etimoloxicamente, democracia significa poder (kratos) do pobo (demos). E unha das cousas que fan efectiva esa democracia é o feito de que os seus dirixentes sexan elixidos pola cidadanía. As galegas e galegos maiores de 18 anos –ao igual os cidadáns de todo o Estado–, están chamados a participar en catro tipos de eleccións:



O período para o que se elixe aos deputados e deputadas denomínase lexislatura. Desde que se aprobou o Estatuto de Autonomía de Galicia transcorreron en Galicia doce lexislaturas.

Eleccións municipais: as veciñas e veciños de cada localidade elixen cada catro anos os concelleiros/as de entre os que sairá elixido o alcalde ou a alcaldesa que rexerá a vida do seu pobo ou cidade. Os electos/electas varían en cada municipio en función do número de habitantes.

Eleccións autonómicas: os cidadáns de cada Comunidade Autónoma elixen cada catro anos os deputados e deputadas que formarán parte do seu Parlamento. En Galicia forman parte desta institución 75 deputadas e deputados.

Eleccións estatais: cada catro anos elíxense os representantes do Congreso (350 deputados e deputadas) e do Senado (266 senadores e senadoras), con sede en Madrid.

Eleccións europeas: elíxense cada cinco anos as deputadas e deputados que formarán parte do Parlamento Europeo, cuxas sedes están en Bruxelas e Estrasburgo.

Antonio
Rosón
Pérez



Tomás
Pérez
Vidal



Victorino
Núñez
Rodríguez



1ª

Lexislatura
(1981-1985)

1981: o 20 de outubro celébranse as primeiras eleccións autonómicas da historia de Galicia. Dous meses despois, o 19 de decembro, o pazo de Xelmírez, cedido provisionalmente polo Arcebispado de Santiago, acolle a sesión constitutiva da primeira lexislatura do **Parlamento de Galicia, que está presidido por Antonio Rosón Pérez.**

1982: o Parlamento inviste a **Gerardo Fernández Albor** primeiro presidente da Xunta de Galicia. A sede da Cámara trasládase ao pazo de Fonseca, cedido pola Universidade de Santiago.

1983: o Parlamento de Galicia aproba a **Lei de normalización lingüística.**

1984: regresan a Galicia os restos de Castelao, dando cumprimento a un mandato unánime do Parlamento de Galicia.

2ª

Lexislatura
(1985-1989)

1985: o 17 de decembro constitúese a segunda lexislatura con **Antonio Rosón** como presidente da Cámara.

1986: Albor volve ser elixido presidente da Xunta e cómprase o edificio do Hórreo que se converterá en sede do Lexislativo galego que, **tras a morte de Antonio Rosón, presidirá Tomás Pérez Vidal.**

1987: o Parlamento galego acolle a **primeira moción de censura** que triunfa en España e **Fernando González Laxe** convértese no **segundo presidente da Xunta de Galicia.**

1989: inaugúrase o Pazo do Hórreo onde meses antes se celebrara xa o primeiro debate sobre o estado da Autonomía que tivo lugar en Galicia.

3ª

Lexislatura
(1990-1993)

1990: **Victorino Núñez Rodríguez** preside a Cámara na terceira lexislatura, que terá como presidente da Xunta a **Manuel Fraga Iribarne.** Toma posesión o primeiro Valedor do Pobo.

1991: por primeira vez constitúese unha comisión de investigación, con motivo do accidente do petroleiro Mar Exeo fronte á Torre de Hércules.

4ª

Lexislatura
(1993-1997)

1993: **Victorino Núñez** é reelixido presidente do Parlamento de Galicia e **Manuel Fraga** volve ser elixido presidente da Xunta.

1995: o Parlamento aproba a **Lei de dereito civil de Galicia**, que recompila vellos usos e costumes respectados e aceptados por todos. A Cámara galega é a única do Estado que conta cunha Comisión para a igualdade e os dereitos das mulleres.

José M^a
García
Leira



Dolores
Villarino
Santiago



Pilar Rojo
Noguera



Miguel Ángel
Santalices
Vieira



5^a
Lexislatura
(1997-2001)

1997: José María García Leira preside a Cámara, que volve elixir presidente da Xunta a Manuel Fraga.

1998: inaugúrase a sala das Letras Galegas e recíbese a visita do entón príncipe Felipe.

6^a
Lexislatura
(2001-2005)

2001: José María García Leira e Manuel Fraga continúan á fronte do Parlamento e do Goberno galegos, respectivamente. Prohíbese fumar no Parlamento de Galicia.

2002: remátanse as obras de ampliación do edificio e débátense senllas mocións de censura tras o afundimento do petroleiro Prestige.

7^a
Lexislatura
(2005-2009)

2005: Dolores Villarino Santiago convértese na primeira muller en presidir a Cámara galega mentres que Emilio Pérez Touriño asume a presidencia da Xunta.

2006: o Pleno despide a Manuel Fraga, designado senador pola Comunidade Autónoma.

2007: inaugúrase no salón de plenos unha gran vidreira deseñada por Isaac Díaz Pardo.

8^a
Lexislatura
(2009-2012)

2009: outra muller, Pilar Rojo Noguera, preside a oitava lexislatura do Parlamento, que elixe presidente da Xunta a Alberto Núñez Feijóo.

2011: Conmemórase o 30 aniversario da institución.

2012: o Parlamento de Galicia, con 38 deputadas, convértese na única Cámara lexislativa de España con maioría feminina, ademais de ser a máis activa do Estado, con 1.193 horas de debate en Pleno.

9^a
Lexislatura
(2012-2016)

2012: Pilar Rojo Noguera volve presidir a Cámara e Alberto Núñez Feijóo a Xunta.

2016: Miguel Ángel Santalices Vieira é elixido presidente do Parlamento tras a renuncia de Pilar Rojo. O 1 de agosto disólvese a Cámara e convócanse as eleccións que darán lugar á décima lexislatura do Parlamento de Galicia.

10^a
Lexislatura
(2016-2020)

2016: Miguel Ángel Santalices Vieira preside o Parlamento de Galicia e Alberto Núñez Feijóo a Xunta de Galicia.

11^a
Lexislatura
(2020-2024)

2020: Miguel Ángel Santalices preside o Parlamento de Galicia.

2020-2022: Alberto Núñez Feijóo preside a Xunta de Galicia. A partir de 2022, Alfonso Rueda Valenzuela.

12^a
Lexislatura
(2024-...)

2024: Miguel Ángel Santalices Vieira preside o Parlamento de Galicia e Alfonso Rueda a Xunta de Galicia.

Actividades

Investiga

Pregunta, busca en libros, internet... e contes-
ta as seguintes cuestións:

- Que é unha lexislatura e como empeza a remata cada un destes períodos?
- Que é unha moción de censura?
- O debate sobre o estado da Autonomía: que é, cada canto se celebra, quen participa, de que se fala...
- Dispón en dúas columnas os dereitos e as obrigas que implica vivir en democracia para os cidadáns e cidadás.
- Busca no apéndice o mapa de España e escribe o nome das autonomías e das súas capitais no lugar que corresponde.

Traballa en grupo

Establecer varios grupos de traballo para traballar sobre as seguintes cuestións. Ao remate, un portavoz de cada grupo exporá os resultados do traballo para obter a visión xeral da nosa contorna política.

✓ Municipio:

Habitantes/votantes, símbolos (escudo, bandeira...), corporación actual (partidos políticos ou coalicións que a conforman), goberno local (alcalde, partidos, coalicións...), corporacións anteriores, feitos destacados na política municipal etc.

✓ Comunidade autónoma:

Habitantes/votantes, símbolos, goberno actual (como se elixe o goberno galego, quen goberna arestora, papel da Xunta e do Parlamento etc.). Pódese afondar na traxectoria do Parlamento (partidos e coalicións que formaron parte, principais leis aprobadas...).

✓ Estado:

Habitantes/votantes, símbolos (escudo, bandeira...), goberno actual e anteriores, feitos destacados.

✓ Unión Europea:

Habitantes/votantes, símbolos, funcionamento, órganos, goberno actual, representación propia na UE...

Itinerario de afondamento

O noso sistema electoral, tanto o autonómico como o que se usa nas eleccións municipais e xerais, emprega para o reparto de escanos entre as candidaturas (partidos políticos ou coalicións) a chamada fórmula D' Hondt.

Deste xeito, logo de escrutar todos os votos, calcúlanse unha serie de divisores para cada lista. A fórmula para os divisores é V/N , onde V é o número total de votos recibidos pola lista, e N os números enteiros que van desde 1 ata o número de escanos da circunscrición obxecto de escrutinio. Unha vez realizadas as divisións dos votos de cada candidatura entre cada un dos divisores desde 1 ata N , a asignación de escanos faise ordenando os cocientes das división de maior a menor e asignando a cada un un escano ata que estes se esgoten.

Ás veces inclúese ademais un mínimo porcentaxe de votos por debaixo do cal o partido queda excluído, que no caso das eleccións autonómicas en Galicia é do cinco por cento.

Caso práctico

Circunscrición á que corresponden 5 escanos, e preséntanse 4 partidos que obteñen os seguintes resultados:

Partido A: 260.000 votos

Partido B: 160.000 votos

Partido C: 100.000 votos

Partido D: 60.000 votos

	Nº votos/1	Nº votos/2	Nº votos/3	Nº votos/4	Nº votos/5
Partido A	260.000 ①	130.000 ③	86.666,66 ⑤	65.000	52.000
Partido B	160.000 ②	80.000	53.333,33	40.000	32.000
Partido C	100.000 ④	50.000	33.333,33	25.000	20.000
Partido D	60.000	30.000	20.000	15.000	12.000

① ② ③ ④ ⑤ Orde na que se asignan os escanos

Por tanto, o resultado en escanos para cada partido é:

✓ Partido A: 3 escanos

✓ Partido B: 1 escano

✓ Partido C: 1 escano

✓ Partido D: 0 escanos

Lei D'Hondt

ACTIVIDADES

→ Investiga quen foi Víctor D' Hondt

→ Explica de forma práctica como se adxudicarían os escanos no seguinte caso:

- ✓ Provincia na que se elixen 6 representantes.
- ✓ Preséntanse tres partidos que teñen os seguintes resultados:
Partido A: 120.000 votos
Partido B: 90.000 votos
Partido C: 70.000 votos
- ✓ Cantos deputados e deputadas obtería cada partido?

→ Fai unha conclusión razoada sobre os beneficios e prexuízos desta fórmula.


→ Coñeces outras formas de elección?

5. organización do Parlamento de Galicia

O Parlamento de Galicia **está formado** **polas deputadas e deputados que resultan elixidos nas eleccións autonómicas que se celebran cada catro anos.** Os 75 deputados/as son os que elixen de entre un deles á persoa que presidirá a Xunta de Galicia, o máximo órgano de goberno de Galicia. Calquera persoa maior de idade que goce da condición política de galego segundo os requisitos establecidos no artigo 3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, pode ser deputada, só ten que presentarse ás eleccións por algunha candidatura e lograr un número suficiente de votos na súa circunscrición (división administrativa para as eleccións nun territorio), que neste caso é a provincia.

Actualmente a Cámara galega **está formada por 75 parlamentarios e parlamentarias que representan as catro provincias da comunidade autónoma:** A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, aínda que non sempre foi así. Durante as dúas primeiras lexislaturas, só houbo 71 deputados. O Estatuto de Autonomía de Galicia indica que o Parlamento pode ter entre 60 e 80 deputados/as.

Distribución actual de escaños no Parlamento de Galicia:



O Parlamento de Galicia réxese por un Regulamento que establece o seu funcionamento e os órganos de traballo.



Pleno

É o **órgano supremo da Cámara**, o que debate e aproba as cuestións máis importantes. Está formado por todas as deputadas e deputados, que se sentan nun asento chamado escano agrupados segundo o grupo parlamentario ao que pertencen. **As sesións plenarias son públicas e todo o que acontece no Pleno queda rexistrado no Diario de Sesións.** A Cámara publica no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia os documentos lexislativos de control ou de impulso.

Presidencia

O presidente ou presidenta do Parlamento **é o máximo representante da institución, e o responsable de asegurar a boa marcha dos traballos, facer cumprir o Regulamento, dirixir os debates e gardar a orde destes.** Así mesmo, desempeña todas as demais funcións que lle confiren o Estatuto de Galicia, as demais leis e o Regulamento do Parlamento de Galicia.

No exercicio da representación da Cámara o presidente ou presidenta forma parte da Conferencia de Presidentes de Parlamentos Autonómicos (COPREPA), un foro institucional de encontro e debate dos presidentes das cámaras lexislativas das 17 comunidades autónomas de España. Tes máis información sobre a COPREPA na súa páxina web, www.coprepa.es. No mesmo sentido a presidenta ou presidente do Parlamento e membro da Conferencia das Asembleas Lexislativas Rexionais de Europa (CALRE) esta conferencia reúne a setenta e catro presidentes das asembleas lexislativas rexionais europeas: os parlamentos das comunidades autónomas españolas, as rexións italianas, os estados federados alemáns e austríacos, as rexións portuguesas de Azores e de Madeira, Escocia e Irlanda do Norte no Reino Unido, Åland en Finlandia e as comunidades e rexións de Bélxica. Atoparás información de forma sinxela cun clic en "CALRE - Conference of European Regional Legislative Assemblies Conference of European Regional Legislative Assemblies", que atoparás en Ligazóns de interese da web do Parlamento.

1 presidente/a
2 vicepresidencias
1 secretaría
1 vicesecretaría

GRUPO PROPIO
57
deputados

Portavoces dos grupos
+ Mesa do parlamento

11+2
COMISIÓNS
PERMANENTES

Presidente/a do
Parlamento
+ un mínimo de 11
parlamentarios

Mesa do Parlamento

É o órgano reitor da Cámara. Está composta polo presidente ou presidenta, dúas vicepresidencias, unha secretaría e mais unha vicesecretaría. A Mesa organiza o traballo, fixa o calendario de actividades do Pleno e das comisións, elabora e executa os orzamentos da Cámara e aplica o Regulamento, entre outras funcións.

Grupos parlamentarios

Son agrupacións de deputados e deputadas que se constitúen ao comezo de cada lexislatura. Deben ter un mínimo de cinco membros. Os deputados/as que non se integran en ningún dos grupos constituídos pasan a formar parte do Grupo Mixto. Cada grupo ten unha denominación e un ou unha portavoz, e dispón dunha oficina e de medios propios no edificio do Parlamento para desenvolver o seu traballo.

Xunta de Portavoces

Está formada polos portavoces dos grupos parlamentarios e a Mesa do Parlamento e entre as súas funcións está facilitar e ordenar as tarefas do Parlamento e establecer a composición das comisións e o calendario de actividades e fixar a orde do día das sesións plenarias.

Comisións parlamentarias

Son os órganos máis activos e numerosos do traballo parlamentario e nelas abórdanse máis asuntos, e con maior detalle, que no Pleno. Existen 11 comisións permanentes fixadas polo Regulamento e 2 comisións permanentes creadas por disposición legal: de control da Corporación de RTVG e relacións co Consello de contas, que se deben constituír obrigatoriamente en cada lexislatura. Tamén se poden crear comisións non permanentes (de estudo, seguimento, investigación...) que rematan coa lexislatura na que foron creadas.

Deputación Permanente

Está presidida polo presidente/a do Parlamento e constituída por un mínimo de once membros que representan a todos os grupos parlamentarios. Encárgase do traballo parlamentario cando o Parlamento non está reunido, fóra períodos ordinarios ou cando se dissolve o Parlamento.

Actividades

Investiga

- ➔ Investiga o número de representantes que ten cada grupo parlamentario no Parlamento de Galicia. Despois vai á representación do hemiciclo que tes na páxina 4 do Apéndice e pinta de cor diferente os escanos que corresponden a cada grupo.
- ➔ Contesta as seguintes cuestións:
 - Quen preside actualmente o Parlamento de Galicia?
 - Como se elixe a Mesa do Parlamento?
- ➔ As Comisións permanentes lexislativas son un instrumento máis do traballo parlamentario, pois coñecen dos proxectos, proposicións ou asuntos que lles encomenda a Mesa do Parlamento en relación á materia que traballan.
- ➔ Busca na páxina do Parlamento e sinala as que existen actualmente.

Traballa en grupo e debate

Coa axuda de internet ou dos xornais que se publican na vosa contorna, cada grupo buscará información sobre as propostas e o traballo desenvolvido por cada coalición ou partido político na última lexislatura.

Itinerario de afondamento

Investiga sobre os grupos parlamentarios que hai actualmente no Parlamento, cantos deputados e deputadas os integran, e a que circunscrición pertencen...

6. Funcións do Parlamento de Galicia

1. Lexislar

A principal función do Parlamento de Galicia é a de facer as leis.

A Cámara galega pode lexislar sobre todos os asuntos que son competencia autonómica. As propostas para elaborar unha nova lei poden ser presentadas pola Xunta de Galicia (proxecto de lei), polos deputados/as ou grupos parlamentarios (proposición de lei) ou polos cidadáns (iniciativa lexislativa popular). E, unha vez aprobadas, son promulgadas, en nome do Rei, polo presidente da Xunta de Galicia e publicadas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado. Galicia está entre as comunidades nas que resulta máis doado que os cidadáns propoñan a elaboración dunha lei, xa que abonda con que a iniciativa conte co respaldo de 10.000 sinaturas.

LEXISLAR
APROBAR OS ORZAMENTOS
ELIXIR O PRESIDENTE/A
DA XUNTA
CONTROLAR O GOBERNO
IMPULSO Á ACTUACIÓN
DA XUNTA DE GALICIA
OUTRAS

PRINCIPAIS FUNCIÓNS

2. Aprobar os orzamentos

O Parlamento é o que aproba os presupostos da Comunidade Autónoma, nos que cada ano se decide **en que se investirán os cartos dos galegos**. Pola súa importancia, a lei de orzamentos ten preferencia sobre calquera outra que estea tamitando o Parlamento.

3. Elixir o presidente ou presidenta da Xunta

Unha vez constituído o Parlamento, a Cámara elixe de **entre todos os deputados e deputadas** á persoa que presidirá a Xunta de Galicia. Na primeira votación esa persoa debe contar coa maioría absoluta dos votos (38). Se non acada os votos suficientes pode someterse a unha segunda votación na que só precisa ter máis votos a favor ca en contra (maioría simple).

5. Controlar o Goberno

O Parlamento controla o labor do Goberno e para iso os deputados e deputadas contan con diversas fórmulas, como **facer preguntas ou interpelar** aos membros do Goberno ou **pedir documentación**. Ademais o Parlamento pode **esixir responsabilidades políticas** aos membros do Goberno.

6. Impulso á actuación da Xunta de Galicia

O Parlamento tamén pode impulsar o labor do goberno galego, é dicir, propoñer medidas para que a Xunta as leve a cabo dentro das súas competencias ou declaracións de vontade da Cámara.

7. Outras

Entre as moitas funcións do Parlamento está tamén a de **designar diversos cargos**, como o Valedor do Pobo ou senadores que representarán a Comunidade Autónoma na cámara alta, ademais de elixir os membros de diversas institucións como o Consello de Contas, consellos sociais das universidades ou o Consello de Administración da Corporación da Radio-Televisión de Galicia.

Actividades

Investiga

Vai ao apartado “Funcionamento” do sitio web do Parlamento de Galicia e trata de explicar:

- ➔ Que procedementos de votación existen?
- ➔ Elabora un esquema-resumo cos pasos a seguir na elaboración dunha lei, desde a idea inicial ata que é publicada no DOG.
- ➔ En www.parlamentodegalicia.gal/Leis podes acceder a todas as leis aprobadas polo Parlamento de Galicia. Elix unha de cada lexislatura e explica que regula.



- ➔ Investidura e moción de censura son os instrumentos que ten o Parlamento de Galicia para elixir ou esixir a responsabilidade política do presidente ou presidenta da Xunta e do seu goberno. Por outra banda, a cuestión de confianza é o recurso que lle permite ao goberno pedir ao Parlamento o seu respaldo. Explica en que consisten:

- Investidura
- Moción de censura
- Cuestión de confianza

Traballa en grupo

Cada grupo buscará nos medios de comunicación noticias relacionadas cunha actividade do Parlamento de Galicia na actual lexislatura:

- Debates parlamentarios.
- Actividade do presidente.
- Tramitación ou aprobación de leis
- Aprobación de orzamentos.
- Designación de cargos: presidente da Xunta, Valedor do Pobo, senadores...
- Control do Goberno: preguntas aos membros do Goberno, interpelacións...
- Impulso político ao Goberno.

Cada grupo presentará o seu traballo na clase para obter unha visión xeral do labor parlamentario e o tratamento nos medios de comunicación: que ten máis visibilidade...

**A lei de orzamentos, pola súa importancia, ten preferencia sobre calquera outra que estea tramitando o Parlamento. Investigade sobre os últimos orzamentos aprobados e, por grupos, analizade a onde van destinadas as principais partidas económicas.*

Itinerario de afondamento

Para traballar o aspecto máis práctico das normas faranse varios grupos. Cada un elixirá distintos aspectos da vida escolar que están regulados con normas e explicarán se as normas establecidas favorecen ou non a convivencia, se son adecuadas para todos e como poderían mellorarse.

O traballo reflectirase en forma de lei seguindo o modelo das leis publicadas no DOG (www.xunta.gal/diario-oficial-galicia) dándolle nome, exposición de motivos, o obxecto da lei, o ámbito de aplicación...

- ✓ Na web do Parlamento de Galicia dispoñedes do enlace á web de Dereito galego consolidado www.lex.gal, á que tamén podedes acceder a través de www.lex.gal. Aquí atoparedes multitude de exemplos para darlle formato xurídico ao voso traballo.



Con todos os traballos obterase un boletín de normas escolares.

Debate

As leis e normas que se debaten no Parlamento son as regras que tratan de garantir unha boa convivencia. Abride un debate na aula sobre que cousas é preciso regular nun Parlamento:

- Tras investigar nas leis aprobadas, credes que hai cousas que non deberían chegar a rango de lei?
- Hai outras normas que deberían terse regulado e non o están?
- Como vos afectan as leis na vosa vida diaria...



7. Participación cidadá no Parlamento de Galicia

O Parlamento é a voz do pobo galego, de aí o seu esforzo por fomentar a participación cidadá. A aprobación da **Lei de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia** permitiu ampliar os mecanismos de participación cidadá directa e facilitar que as galegas e os galegos se impliquen activamente na actividade parlamentaria.

Para iso establece diversas vías:

- ✓ **Proposicións de lei de iniciativa lexislativa popular**, que son propostas que deben ir acompañadas de, polo menos, 10.000 sinaturas.
- ✓ **Participación popular na elaboración das leis** remitindo suxestións a través da sección de "Lexisla con nós" da web do Parlamento.
- ✓ **Proposicións non de lei**, para impulsar a acción de goberno; deben contar, ao menos, con 2.500 sinaturas.
- ✓ **Preguntas e suxestións**: preguntas ao Goberno para controlar a súa acción ou preguntas e suxestións dirixidas a calquera órgano do Parlamento de Galicia, entre outras.
- ✓ **Peticións perante o Parlamento**, que pode presentar calquera cidadán ou cidadá de xeito individual ou colectivo.



Actividades

Investiga

Vai á páxina de "Participación cidadá" do web do Parlamento de Galicia para coñecer todas as opcións que ten a cidadanía para participar activamente na actividade parlamentaria e contesta as seguintes cuestións:

- ➔ Galicia é unha das comunidades en que máis doado resulta que os cidadáns poidan exercer a iniciativa lexislativa popular. Para presentar unha proposición de lei de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia, abonda con que esta vaia acompañada de polo menos 10.000 sinaturas.
- ➔ Vai á web do Parlamento de Galicia e explica as tres condicións que deben cumprir as persoas para poder propoñer unha iniciativa e as materias que están excluídas da iniciativa lexislativa popular.
- ➔ Explica quen pode promover a presentación de proposicións non de lei ao Parlamento de Galicia, que órgano é o encargado de admitir as iniciativas presentadas e quen asume (ou non) as iniciativas admitidas para convertelas en proposicións non de lei.
- ➔ A web do Parlamento de Galicia inclúe formularios para presentar en rede Preguntas ao Goberno e Peticións perante o Parlamento. **Revisa a información que se solicita e fai ti un modelo propio** por computador cubrindo os campos cos teus datos persoais e facendo unha pregunta ou petición dirixida ao teu profesor/a ou centro escolar.

Traballa en grupo

Á marxe das diferentes posibilidades previstas na Lei de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia calquera persoa pode dirixirse a diferentes membros da institución. Con todo o visto e aprendido ata agora sobre o Parlamento galego, facede tres grupos e buscade cuestións, dúbidas, suxestións etc. que lle fariades aos seguintes destinatarios:

- **Presidencia do Parlamento de Galicia**
- **Grupos parlamentarios**
- **Deputadas e deputados**

Itinerario de afondamento

As persoas maiores de idade e coa condición política de galegos poden participar na tramitación parlamentaria das leis, remitindo as súas achegas e suxestións á Mesa do Parlamento de Galicia a través da sección "Lexisla con nós", na que podedes ver os debates abertos en cada momento.

Buscade os proxectos e proposicións de lei que se atopan en tramitación no Parlamento de Galicia arestora. Elixide os máis interesantes e por grupos (ou a clase en conxunto) mirade as opinións que hai publicadas e que aportariades vós a ese debate.

Podes ter en conta o libro *Icía quere cambiar o mundo*. No que a pequena Icía bota man da forza da palabra para lograr salvar o seu hábitat.

2. unha institución comprometida coa cultura

O Parlamento de Galicia como institución está firmemente comprometido coa promoción e difusión da cultura galega en todas as súas variantes, xéneros, estilos e épocas, o que queda presente sempre en multitude de actos, declaracións institucionais, publicación de obras e no apoio explícito a diversas iniciativas culturais. Mesmo algunhas figuras fundamentais para as letras e a cultura do país, como Ramón Piñeiro, Benxamín Casal, Alfredo Conde ou Carlos Casares, entre outros, formaron parte da Cámara.

A Biblioteca do Parlamento, deseñada por Iago Seara con posterioridade á rehabilitación do edificio, conta con fondos valiosos, a disposición dos deputados e deputadas, pero tamén dos investigadores. Este espazo, ademais de bibliografía contemporánea multidisciplinar, alberga as bibliotecas e coleccións particulares de personalidades como Ricardo Carballo Calero, os irmáns Vilar Ponte, Elena Quiroga ou Dalmiro de la Válgoma.

Ademais, o Pazo do Hórreo acolle unha variada e valiosa colección de arte galega contemporánea, pintura e escultura, fundamentalmente, que por si soa xa merece unha visita á sede da primeira institución de Galicia, aínda que o catálogo pode consultarse a través da web da institución, www.parlamentodegalicia.gal/ColeccionArte.



'O PARLAMENTO DE GALICIA'
JORGE SERAFÍN PETEIRO VÁQUEZ
200X270 CM - ÓLEO/LENZO

Visita o catálogo de arte na web:
<https://www.parlamentodegalicia.gal/ColeccionArte>



Actividades

Investiga

Vai á web do Parlamento de Galicia e realiza a visita virtual para coñecer a colección de obras de arte. Despois contesta a estas cuestións:

- Enumera e explica as técnicas artísticas que reúne a colección de arte do Parlamento.
- Tanto o propio edificio do Parlamento de Galicia como a súa colección de arte son unha boa representación da arte galega contemporánea. Investiga e cita un nome destacado en cada unha destas disciplinas no ámbito galego do último século e explica por que o elixiches.

Arquitectura
Pintura
Escultura
Fotografía

- A colección de arte do Parlamento de Galicia inclúe as Medallas das Letras Galegas coas caras das autoras e autores aos que se lles ten dedicado o Día das Letras Galegas. Explica todo o que saibas desta data e enumera as persoas representadas nas Medallas, acompañando cada nome dun sucinto perfil biográfico e unha breve relación das súas obras.

Traballa en grupo px. seguinte



Saída ao Parlamento

Localiza na web do Parlamento algunhas das obras que chamaron a túa atención durante a visita ao Pazo do Hórreo e explica que se pode ver en cada imaxe e por que as elixiches. Avalía criticamente cada obra emitindo os xuízos estéticos que consideres oportuno.

Itinerario de afondamento

- Define os seguintes termos:

- Xeografía
- Cartografía
- Mapa
- Meridiano
- Paralelo

- Explica:

- Quen era Domingo Fontán
- Como levou a cabo a "Carta de Galicia"

- Xunto con Domingo Fontán, hai outro xeógrafo de gran relevancia na nosa comunidade: Francisco Río Barja. Investiga na figura deste cartógrafo, escritor e académico da Real Academia Galega e explica:

- Quen foi Río Barja
- Principais obras
- Cal foi o seu grande aporte sobre o río Miño

Traballa en grupo

Entre as obras e autores destacados na colección de arte atópanse varios significativos polo que representan para a identidade galega. Por grupos, traballade cada un dos aspectos que atinxen a estas obras.

DESNUDOS FEMININOS

de Arturo Souto:

A figura dourada da deusa móvese con elegancia entre outras arredor dela, nun movemento coral. Ela érguese dende a vieira, núa e orgullosa, unha epifanía oposta á de Botticelli aínda que iconográficamente poida relacionarse con ela. Souto semella que a ispe, a fin de destacar a súa aparición nun efecto-espello. O artista, que estivo coas vangardas en Madrid e París, e foi figura destacada do movemento renovador da arte galega, era un apaixonado da figura da muller e os espidos. Nesta obra vese a influencia da súa estadia en Roma nos anos da República. Na figura central pódese albiscar un simbolismo da Autonomía que levanta o veo dos novos tempos da democracia parlamentaria.

PAISAXE METAFÍSICO

de Urbano Lugrís:

Cadro de 1961 característico do seu realismo máxico, no que as formas xeométricas e esquemáticas teñen un ar simbólico, pois pintaba en galego, isto é, éralle imposible ser realista. Nesta obra, de paisaxe inventada coa áncora afondando no universo metafísico e surrealista hai referencias á súa costa coruñesa, ante a que desprega unha mensaxe alusiva ao bautismo, en paralelo a Moisés, coa cuncha mariña que pendura da branca ponte como sétimo piar, no domingo da semana co que comeza o novo tempo, vida que se inicia coas vogais, cultismos da súa linguaxe naif de aparencia inxenua, mais tan expresiva dun inicio...



Traballar as vangardas en Galicia e o movemento renovador da arte galega.



Traballar sobre o realismo máxico.



Traballar sobre a Galicia rural, a emigración e o papel da Igrexa a principios do s. XX.



Traballar o entroido como expresión cultural propia de Galicia.



Traballar sobre a arte figurativa.

MAÑÁ DE DOMINGO

de Juan Luis López García:

Destacado pintor que cultivou un primitivismo granítico dende a cor, estética da esencia galega preto de Francisco Asorey, amigo seu. A súa obra representa a Galicia tradicional, un espello do mundo rural coa omnipresencia da Igrexa na cima da composición, por mais que o significativo sexa a importancia da muller e os fillos que enchen o cadro dende o primeiro plano. Da ausencia de homes novos cabe deducir que están lonxe, na emigración.

ANTROIDO

de Alfonso Sucasas:

Datado en 1988 mostra unha repoluda figura disfrazada de vaca cun estandarte encabeza un grupo de músicos, un home coa caixa e outro coa frauta, que vai de monxa: son o cortexo anunciador do Entroido, a grande festa do fin do inverno nos ollos dun artista do centro de Galicia.

DONA DOS OITO

de Acisclo Manzano:

Obra icónica do creador ourensán, feita en 1989, ano do traslado á nova sede parlamentaria. Amosa como formas características a simplificación antropomórfica do torso feminino. A terracota é unha abstracción figurativa representativa da renovación da plástica galega dende os anos setenta, sendo a alusión á vestimenta os botóns do escote, aos que engade outros no corpo, acenos pícaros dun sentir, unha forma plástica xurdida dende o pulo de Eivissa/illes Balears, na casa de Xaime Quessada, co que pasaba estadias.



Traballar a influencia do Camiño de Santiago na arte e na cultura galegas.

A CHEGADA

bronze de José María Acuña López:

Trátase dunha peza de gran forza que acrisola a esencia de Compostela: os peregrinos no Monte do Gozo no canto de ver Santiago. A obra, de 1990, foi fundida con características monumentais para o dito lugar, o último outeiro do Camiño, dende o que se divisan as torres da catedral do Señor Sant-Iago, co que ten de contido simbólico. Foi colocada no Ano Santo de 1993 coincidindo coa declaración do Camiño Francés pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade.

CAN AZUL

de Xaime Quessada:

Obra de empeño que reflicte o compromiso do artista co seu tempo histórico. Durante tres anos, 1994-1997, constrúe unha alegoría de proxenie surreal nun espazo no que plasma un mundo asimétrico en crave binaria, con loita de ideas, nunha serie figuras en teatrais poses enriba do pavimento axadrezado con control cartesiano, expresión do seu temperamento dramático e dunha liberdade visceral que transmite dende a viveza da cor. Esta gran tela é o cumio dun camiño iniciado na década dos setenta coa Imaxe surreal de Galicia e En Galicia un día, síntese do seu ideal Museo Quessada dende unhas constantes éticas e sociais, arte e testemuña que se encarna nel con paixón como en ningún outro artista galego. Quessada é un dos autores contemporáneos con maior actividade creadora e de investigación sobre diferentes disciplinas: traballou como pintor, gravador, escenógrafo, ilustrador e cartelista, deseñou estampados para coleccións de roupa, decorou espazos públicos... Entre outros recoñecementos, recibiu a Medalla Castelao en 2004.

Traballar sobre a Medalla Castelao e a Medalla de Galicia, as dúas principais distincións que concede o Goberno galego a persoas ou institucións que destacan nalgún ámbito.




Traballar sobre a rede de museos existente en Galicia.

CAMIÑANTE VII

de Antón Pulido:

Obra de 2005 que representa un camiñante que vén cara nós con pasos calmos por unha senda iluminada no escuro do ceo, no que escintilan as estrelas. Pulido conta cunha significada traxectoria con obrigas culturais de índole editorial, político e institucional (director do Centro Galego de Arte Contemporánea), o que non lle impediu desenvolver unha traxectoria plástica longa e fértil.



Traballar sobre a figura de Díaz Pardo como artista (pintor, deseñador, ceramista, escritor, ilustrador...) pero tamén como editor e como empresario e emprendedor (ideou e patentou tecnoloxía industrial e estableceu novos sistemas de produción e administración nas súas empresas). Sargadelos: unha industria galega.

"VIDREIRA ANIVERSARIO XXVI"

de Isaac Díaz Pardo (2007):

Gran obra de concepción heráldica que pecha a parede frontal do hemiciclo do Parlamento. No centro vai un escudo cortado sostido por dúas figuras espidas e axeonlladas: de azur, dolmen de prata; de sinople, a palabra 'Gallaecia' de prata, en letras capitais. Nos extremos, senllos turiferarios espidos, unha alusión ao Pórtico da Gloria, anuncian o conxunto. Toda a composición recórtase nun fondo de prata, que pecha a orla do tímpano semicircular de azur. Péchase así o eixo iniciado no Escudo Autonómico cos nenos na cima da fachada, obra de Manuel de Bucinos, e a vidreira de Laxeiro á entrada, da que deixou dixo Díaz Pardo que é "a alma románica galega".

Apéndices

1. Mapa de Galicia
2. Mapa Autonómico de España
3. Rzeiro de Santiago de Compostela
4. Hemicielo Parlamento de Galicia




Mapa de Galicia




+ 10,000 habitantes. FONTE: IGE 2017

PARLAMENTO



Hemiciclo



Autoavaliación Conclusiones

||||

||||

||||

CONTESTA AS SEGUINTEs CUESTIóNs RELATIVAS AO APRENDIDO NESTE CADERNO DE ACTIVIDADES.

1. CONTIDOS:

1. Explica os aspectos máis relevantes do que aprendeches sobre o Parlamento de Galicia

- Historia
- Sede
- Quen o conforma
- Funcións

2. Explica todo o que sabes sobre democracia e valores democráticos europeos

3. Como afecta á túa vida o labor que desenvolve o Parlamento de Galicia

2. VALORA

- O teu traballo individual: dificultades, esforzo, vantaxes...
- O traballo en equipo: o propio traballo e o resultado
- A saída ao Parlamento: explicacións recibidas e interese/ esforzo persoal

3. QUE ME APORTA O APRENDIDO NESTA GUÍA?

PARLAMENTO

PARLAMENTO
DE GALICIA

